CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 185. Xullo 2021. Distribución gratuíta

EMPRESA
Entrevista de Benvida a Armando Prado Conde de Pousada Chiquitín P9

COMARCA
José Ángel Penas (BNG) toma posesión como novo alcalde de Toques P17

DEPORTE
Natureza e deporte únense en Santiso no circuíto de trail P20

ENTREVISTA

Diego Fernández, responsable de Talleres Fermat **P23**

ASETEM - CCA destaca na asemblea as actividades celebradas ao longo do ano

O pasado venres 11 de xuño, a Asociación de Empresarios da Terra de Melide celebrou a súa asemblea xeral ordinaria deste ano.

Nesta xuntanza cos socios e socias aprobouse a acta anterior, amosáronse as contas do 2020, que están dispoñibles para que aqueles asociados e asociadas que o desexen poidan acudir á sede da asociación para revisalas, e fíxose un repaso en imaxes polo traballo do último ano marcado pola pandemia e as conseguintes restricións. P3

ASETEM fixo entrega dos premios de Días Brancos

A campaña de Días Brancos xa ten os seus gañadores dos premios que se sorteaban entre as compras realizadas nos comercios participantes. P4

Óptica Afflelou en Melide presenta nova directiva

A Óptica Afflelou cambia a súa directiva, póñense á fronte Marta Mosquera e Tamara Núñez dúas profesionais do sector con anos de experiencia. P8

Roval JOYERÍA JR
SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE
Novos tempos · Nova tenda · A mesma ilusión
Alexandre Bóveda, 12 - Melide · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

Editorial

O Camiño de Santiago, un tesouro que coidar e protexer

Por segunda vez na historia, un ano Xacobeo prolongarase ata o seguinte. É dicir, desta volta o ano Santo non só será o 2021 senón tamén o 2022. Esta excepcionalidade vén provocada por mor da pandemia mundial, pola que aínda estamos a pasar. A primeira vez que un ano Xacobeo se tivo que estender foi no 1937, xusto despois da Guerra Civil Española.

Fotografía dun anaco do tramo de Palas de Rei a Melide. / Foto: C. Santiago

Conta a lenda que a Igrexa Católica perdoa todos os pecados daqueles que peregrinen ata a tumba do apóstolo Santiago durante o ano Santo, o que se denomina gañar o xubileu.

Nos últimos tempos, o Camiño de Santiago converteuse nunha importante fonte de ingresos para multitude de negocios galegos. Cada vez, son máis as persoas que deciden facer esta andaina para superar un reto persoal, relixioso ou simplemente para desfrutar duns días de vacacións en contacto coa natureza e facendo deporte.

Podemos dicir que un dos maiores tesouros que temos en Galicia é o Camiño de Santiago e todas as súas rutas. Tanto mirando polo lado dos beneficios económicos que nos aporta, como pola súa singularidade e beleza paisaxística e patrimonial. Non obstante, como di un refrán popular, "quen ten un tesouro ten que coidalo". Esta é unha tarefa que seguimos tendo pendente, se queremos seguir conservando a beleza e singularidade dos tramos do Camiño debemos facer todo o posible por concienciar á veciñanza e aos visitantes na difícil tarefa de conservalo en bo estado. Esta é unha cuestión que se bota en falta nas múltiples e diferentes promocións que dende distintas administracións e institucións se fan para promover e impulsar todas as rutas do Camiño de Santiago.

Melide ten a fortuna de ser o punto exacto no que dúas andainas do Camiño a Compostela se unen, a do Primitivo e a do Francés. Dous dos camiño máis transcorridos polos peregrinos e peregrinas, o que permite crear unha riqueza económica innegable e facer da vila un lugar coñecido máis alá das nosas fronteiras. Así a todo, os cartos non deben ser impedimento nin pasar por derriba da necesidade de protexer e coidar parte do noso territorio.

Tribuna de opinión

As rebaixas e o pequeno comercio

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Viñeta dunha consumidora logo de mercar. /Foto: Consumidores

Coa chegada do mes de xullo aterraron as rebaixas en boa parte dos comercios. Aínda que é certo, que cada ano os establecementos e, en especial, as grandes marcas apostan por adiantalas cada vez máis.

Lonxe quedou a antiga filosofía das rebaixas, cando a xente se amoreaba diante das tendas no primeiro día de grandes descontos. Actualmente, temos outro xeito de mercar e as rebaixas perderon parte da súa forza. Agora, durante o ano vemos diversas campañas de descontos e prezos máis baixos con outro nome (por exemplo: os días de certa marca). Isto está ben, sempre e cando todos os comercios, grandes e pequenos, poidan xogar en igualdade de condicións. Cousa que nestes momentos non pasa.

Os consumidores e consumidoras deben comprender que gastar no comercio local implica apoiar a túa vila, fortalecer o tecido empresarial máis próximo e conseguir que o diñeiro entre nun camiño circular, do que tarde ou cedo nos beneficiamos todos. Por iso, agora en rebaixas merca en Melide.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán, Ana Mato e Cristina Fernández
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

ASETEM - CCA destaca na asemblea as actividades celebradas ao longo do ano

O presidente de ASETEM, Manuel Vázquez; o secretario, Ramón Villamor; e a xerente, Pilar López. / Foto: Cerne

O pasado venres 11 de xuño, a Asociación de Empresarios da Terra de Melide celebrou a súa asemblea ordinaria deste ano.

Nesta xuntanza cos socios e socias aprobouse a acta anterior, amosáronse as contas do 2020, que están dispoñibles para que aqueles asociados e asociadas que o desexen poidan acudir ás sedes da asociación para revisalas, e fíxose un repaso en imaxes polo traballo do último ano marcado pola pandemia.

ASETEM - CCA fixo fincapé nas campañas e iniciativas que puxo en marcha, nun momento tan complicado como foi o confinamento e os meses posteriores, para impulsar e promover o comercio local melidense. Neste eido, a directiva da entidade agradeceu a todas as socias e socios o seu compromiso e entrega coa asociación nunhas circunstancias tan complexas para o sector empresarial como as deste último ano.

A maiores, ASETEM - CCA amosou o resultado das actividades e formacións impartidas nas sedes da entidade, así como os servizos de dixitalización gratuítos que se está ofrecendo dende hai uns meses. Neste ámbito, a directiva da asociación pediu a opinión sobre o funcionamento do servizo gratuíto de paquetería que implantou no mes de maio para todos os asociados e asociadas, do cal polo momento, hai unha boa acollida e valoracións. Este novo servizo foi posible grazas a un convenio coa empresa de envíos Envialia, subvencionado cunha axuda da Dirección Xeral de Comercio da administración autonómica.

O Cerne, as redes sociais de ASETEM e a súa aparición nos medios de comunicación ocuparon un pequeno oco desta xuntanza, xa que é unha parte importante para gañar visibilidade neste tempo no que a dixitalización é un factor imprescindible.

Na asemblea tamén houbo tempo para as suxestións e opinións das persoas asociadas que asistiron. Unha das suxestións máis destacadas na que ASETEM - CCA comezará a traballar despois do verán é a realización de campañas e iniciativas relacionadas co ámbito sanitario, para poder así darlle máis visibilidade e protagonismo aos establecementos sanitarios asociados. Para sacar adiante esta suxestión, a asociación falará cos asociados e asociadas deste eido. As actividades que se organizarán neste ámbito tamén serán de gran interese para a veciñanza.

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

ASETEM-CCA entregou os premios dos Días Brancos

Ramón Villamor, secretario de ASETEM - CCA, entrega o premio a Ana Ledo. /Foto: Cerne

Cristina Fernández recolle o premio da man do presidente, Manuel Vázquez./Foto: Cerne

Dolores Baamonde recolle o lote de queixos da man de Pilar López, xerente. /Foto: Cerne

Manuel Vázquez, presidente de ASETEM entregalle o vale a Viky Valiño. /Foto: Cerne

Sonia Torreiro levouse a Escapada Rural de fin de semana, entrega Pilar López. /Foto: Cerne

Isabel Fernández recolle o seu premio da man de Manuel Vázquez, presidente./Foto: Cerne

Eztizen Pérez recolle o vale de compra da man do presidente, Manuel Vázquez./Foto: Cerne

Lorena García recolle o seu premio dos Días Brancos, entrega Pilar López. /Foto: Cerne

A premiada Susana Miguelez Penas recibe o premio de Ramón Villamor. /Foto: Cerne

Manuel Vázquez entrégalle o vale a María José Baamonde. /Foto: Cerne

O pasado 17 e 18 de xuño celebrouse a campaña de Días Brancos en 26 comercios melidenses asociados a ASETEM - CCA.

Unha iniciativa para impulsar e promover as vendas dos establecementos de poximidade da vila. As compras no comercio local volveron ter premio para máis dunha vintena de persoas de Melide e de toda a comarca.

Os Días Brancos de ASETEM pecharon por todo o alto o venres 18 ás 22:30 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita coa actuación da cantante e imaxe da asociación, Tania Veiras, e o sorteo de vales de compra, agasallos e unha espada rural de fin de semana para dúas persoas.

Un evento ao que acudiron decenas de persoas na procura de conseguir algún dos premios que entraban no sorteo. Dadas as circunstancias sanitarias non se cumpriron as previsións de aforo previstas, polo que a directiva de ASETEM - CCA decidiu cambiar o sistema do sorteo. Finalmente, se a persoa do nome da primeira papeleta que saía non estaba presente, sacaríanse con máximo dúas máis para aumentar as posibilidades dos alí presentes.

Algúns dos gañadores e gañadoras foron: Belén Pérez (Mercería Isabel) conseguiu unha gafa de chico de Óptica Tábora; Isabel Fernández (Noguerol Cociña e Baño) premiada cun vale de compra de 10€ para gastar en M&M Moda; María Jesús Abad (Creacións MJ) levou unha cesta de produtos COVID da mercería de Mis Mejores Labores; Noemi Sandá (Zapatería Romero) premiada cun centro de actividades para bonecas de Toysmaniatic; Begoña Oro (Mis Mejores Labores) conseguiu un dos vales de 20€ de Xoiería Roval; Isabel Mosteiro (Mercería Isabel) premiada cunha gafa de promoción de chica de Óptica Tábora; Concepción Calvo (Xoiería Roval) levou un vale de compra de 25€; Cristina Fernández (Meixela) agasallada cunha cafetería de Electrosan; e Isabel Sueiro (Pasarela Moda) premiada cunha mochila de Pepe Jeans de Sueños.

Ademais, estas xornadas contaron con animación nas rúas comerciais da man da empresa melidense e asociada Xanela Ocio, que durante a tarde intentaron alegrar e animar o ambiente para promover as compras nos establecementos participantes.

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide queren agradecer a abundante participación da veciñanza durante eses días, a pesares das malas circunstancias meteorolóxicas. Así como valorar moi positivamente a implicación e colaboración dos comercios que formaron parte desta iniciativa, o que permitiu e fixo posible que a campaña dos Días Brancos fora un éxito.

Borboriño Xeados agasalla ao alumnado local cos seus produtos

Sandra Aldrey, responsable de Xeados Borboriño, nunha escola melidense na entrega dos xeados. /Foto: B. Xeados

Na última semana do curso, a empresa asociada a ASETEM - CCA, Borboriño Xeados entregou gratuitamente xeados de chocolate aos tres centros educativos melidenses para todo o alumnado.

Dende Borboriños Xeados querían agradecer "o gran esforzo que a comunidade educativa, tanto mestres e mestras como alumnado, realizou ao longo deste curso tan diferente por mor da pandemia mundial".

A responsable desta empresa rural, Sandra Aldrey, comenta "eu teño unha cativa e vivín en primeira persoa todas as normas e dificultades lle trouxo a pandemia ao alumnado e ao profesorado, pero era sorprendente ver a gran capacidade de adaptación que tiveron os máis pequenos e pequenas para adaptarse a cada situación que lle impoñían as circunstancias sanitarias de cada momento do ano".

En Borboriño Xeados tiñan claro que todo este esforzo merecía ter un final de curso con moi bo sabor de boca e por iso pensaron que un xeado de chocolate era a mellor idea.

Ademais, Sandra Aldrey afirma que cando chamou ás directoras das tres escolas melidenses para comunicarlle a súa intención de agasallar xeados para o alumnado todas se sorprenderon moito da iniciativa pero, ao mesmo tempo, "alegráronse moito e pareceulles unha boa idea".

O premio dos Días Azuis toca en Melide

Fotografía do comercio asociado no que caeu o premio. /Foto: Cerne

A campaña dos Días Azuis volve traer a sorte á nosa vila, xa que por segundo ano consecutivo, un dos premios desta iniciativa da Federación Galega de Comercio caeu en Melide.

Unha veciña melidense gañou unha das dez tarxetas moedeiro, cargada cada unha con 150 euros para gastar no comercio local, grazas a unha compra realizada no establecemento 'El Dándolo'. A premiada xa recibiu unha chamada de ASETEM - CCA para notificarlle a nova e nos vindeiros días realizarase a entrega da tarxeta moedeiro.

Esta é unha boa noticia para o comercio de proximidade da vila, xa que os cartos da tarxeta moedeiro vanse gastar nos establecementos melidenses participantes na campaña.

A Federación Galega de Comercio realizará unha segunda edición da iniciativa durante este ano, aínda que polo momento se descoñecen as datas da súa celebración.

Casa Alongos recibe o recoñecemento de establecemento "Slow Food"

Concha Casares coa placa de establecemento "Slow Food". /Foto: C. Alongos

O establecemento asociado a ASETEM - CCA, Casa Alongos, acaba de recibir o recoñecemento e a placa que o identifica como hostalería "Slow Food".

Esta casa de comidas é recoñecida como un local de hostalería no que se fomenta e segue un modelo sustentable no que o produto local e artesanal é unhas das súas principais características. Este sistema de negocio ten beneficios como elaboracións gastronómicas con máis sabores, de gran calidade e totalmente ecolóxicos.

Estes establecementos caracterízanse por ter un 40% dos ingredientes comprados directamente ao produtor, localizados a menos de 100 quilómetros. Ademais, todos os residuos son destinados a composteiros.

Casa Alongos contén na súa carta pratos realizados con produtos de proximidade e ecolóxicos, apostando por mercarlle a materia prima e alimentos a provedores locais como Borboriño Xeados.

O Bono Autónomo deixa preto de 13.000 euros na comarca

Un total de cinco traballadores por conta propia da comarca da Terra de Melide recibiron o Bono Autónomo 2020 da Xunta de Galicia.

Esta axuda destinada a apoiar servizos e investimentos encamiñados á mellora da competitividade empresarial ou profesional dos traballadores por conta propia que conten cunha antigüidade superior aos corenta e dous meses.

A subvención chamada Bono Autónomo, tiña dúas liñas de actuación. Por unha banda, o apoio para o desenvolvemento de servizos destinados á investigación de mercado e plans de marketing, comunicación, estratexia, crecemento, refinanciamento ou reorientación do negocio. Pola outra banda, financiáronse investimentos relacionados coa compra de maquinaria, ferramentas, equipos informáticos ou rótulos; coa reforma do local; a posta en marcha de aplicacións informáticas e páxinas web ou a creación de logotipos do negocio.

De xeito específico, en Melide foron dous os traballadores por conta propia que recibiron o Bono Autónomo, en Santiso outros dous e en Toques un; cun importe total de 12.846,4 euros (6.000 euros en Melide; 4.094,40 en Santiso e 2.752 en Toques).

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

ESCALA ESPECTÁCULOS, VOLVEN AS VERBENAS

O mundo do espectáculo e as verbenas foi un dos sectores que se viu máis afectado por mor da pandemia pero como di o refrán, nunca choveu que non escampara. O pasado sábado 19 de xuño todos os traballadores e traballadoras relacionados coa verbena comezaron a ver a luz ao final do túnel coas seis probas piloto realizas en Galicia, como paso previo á volta da celebración das festas e a troula.

MIGUEL PULIDO LÓPEZ

Escala Espectáculos *(Rúa Galicia, 26) - Tfn.: 609 92 38 88*

"Se a evolución epideomiolóxica é boa, este ano haberá máis festas pequenas"

Miguel Pulido López na súa oficina de Escala Espectáculos. /Foto: Cerne

- Cales son as previsións do mundo do espectáculo para este verán?

- Miguel Pulido (M.P): Pois fai unhas semanas realizáronse seis probas piloto que foron todo un éxito, polo que agora toca esperar que a situación epidemiolóxica siga mellorando e iso nos permita ter un protocolo máis flexible e fácil de adaptarse.

- É viable organizar verbenas co protocolo vixente a día de hoxe?

- (M.P): Actualmente, é un pouco complexo. Están a esixir moitas cousas como o sistema de reserva previa, un plan de seguridade e outro de sanidade, entre outras esixencias. Isto para unha comisión de festas supón un gastos moi grande, estamos falando dun 40% do presuposto.

- Cales van ser os eventos que se van poder organizar este ano?

- (M.P): Eu espero que se poidan levar a cabo bastantes máis que o ano pasado. É certo, que os aforos van ser reducidos pero en canto a número de eventos están previstos máis que no 2020. De feito, aquí en Melide o Concello está poñendo moito da súa parte para poder celebrar o San Roque con diferentes actuacións musicais. Despois, máis ben a partir de mediados de xullo, festas e eventos pequenos vanse poder organizar. Iso si, sempre e cando, a pandemia evolucione favorablemente.

- Como valoras o apoio das administracións nestes tempos tan complexos para o sector?

- (M.P): Hai un pouco de todo, sobre todo a nivel Concellos, xa que hai vilas nas que non queren contratar as orquestras porque parece que somos os malos disto e non é así. Moitas administracións locais prefiren apostar por grupos de música folk ou bandas, no lugar de orquestras porque pensan que estas últimas lles van traer problemas. Isto é unha cuestión que debemos solucionar na maior brevidade posible.

- Por que cres que sucede isto?

- (M.P): As verbenas son unha celebración na que a xente vai bailar, bebe e ten contacto físico. Non obstante, as festas son un lugar totalmente seguro. Un problema que hai no sector este ano é que non hai orquestras. A finais de verán haberá como moito vinte formacións en marcha. O ano pasado moitos traballadores e traballadoras das orquestras buscaron outro oficio e agora non queren volver.

- Como cres que vai afrontar a xente a volta ás festas?

- (M.P): A poboación ten moitas ganas de volver á verbena. Nas probas piloto comprobouse, as entradas para ver as orquestras esgotáranse en moi poucas horas. Por iso é importante ter normas sanitarias para este tipo de eventos.

Nuestra música guiará tus sueños

MIGUEL 609 923 888
TANIA OFICINA 689 828 339

escalaEMespectaculos@hotmail.com

Rúa Galicia 26 bajo izquierda.
MELIDE (A Coruña)

MÁS DE 50 FORMACIONES

ENTREVISTA DE BENVIDA, POUSADA CHIQUITÍN

A Pousada Chiquitín é un establecemento familiar de hospedaxe e restauración situado dentro do corazón de Melide, moi preto da Igrexa Parroquial e a Casa do Concello. Un espazo aberto e luminoso no que poder desfrutar de manxares diferentes nos que se mestura a tradición e a modernidade, elaborados con produtos e sabores da terra. Pousada Chiquitín é un lugar no que se recollen miles de historias de peregrinos e persoas visitantes que chegan a Melide para descubrir todos os seus encantos.

ARMANDO PRADO CONDE

Pousada Chiquitín *(Rúa San Antonio, 18 - Melide) - Tfn.: 981 81 53 33*

"O trato familiar e de confianza é un dos puntos fortes de Pousada Chiquitín"

Armando Prado , reponsable do establecemento, na zona de bar da Pousada Chiquitín / Foto: Cerne

- Pousada Chiquitín é un establecemento familiar dende que abriu.

- (A.P): Efectivamente. Cando se inaugurou o local estaban ao mando, meus pais e meus tíos. Aínda que pouco despois de abrir xa me incorporei eu a traballar aquí con eles. De feito, o nome do establecemento, "Chiquitín", é o alcume familiar polo que se nos coñece entre a veciñanza do municipio.

- Na hostalería levades un ano moi complexo e inestable. Como prevés que será o verán?

- (A.P): A época estival comezou frouxa pero segundo pasan as semanas vaise animando o ambiente. É certo que agora parécenos que hai moito traballo, porén se o comparamos cun ano previo a pandemia é pouco. Ademais, aquí en Melide hai moitos locais de hostalería e restauración, polo que para abastecernos a todos precisariamos dun ano normal. Logo tamén teño que ter en contar que nós traballamos con moito estranxeiro, o 90% dos meus ingresos veñen de clientela de fóra de España, polo que nestes tempos que hai moi poucos turistas doutros países, na pousada notámolo moito. Non obstante, penso que en setembro o sistema vai empezar a funcionar porque a vacinación xa estará en porcentaxes moi altos e esa é a nosa esperanza para recuperar o ritmo.

- No referente ao comedor, cal é a situación?

- (A.P): Hai uns días que abrimos o servizo de comedor diario pero a xornada máis potente, dende que chegou a pandemia, é o domingo ao mediodía. Todas as comidas que antes se facían os sábados á noite agora pasaron a ser os domingo ao xantar.

- Pousada Chiquitín ten unha boa localización dentro da vila.

- (A.P): Si, especialmente agora que abriu o albergue público. Neste establecemento traballamos moito con peregrinos e o feito de ter o albergue tan preto penso que me vai beneficiar. Os peregrinos son un público que gastan pouco en durmir pero que en comer non escatiman nos gastos, xeralmente.

- Cal é o prato que non podemos marchar sen probar?

- (A.P): Pois a nosa elaboración estrela dende que abrimos, un salteado de polbo con gambas e cunha redución de queixo do cebreiro. De feito, de cada dez pratos que saen, oito son desta elaboración.

- Para a preparación destas elaboracións intentas contar con produto de proximidade?

- (A.P): Sempre que podo traballo con produtores locais. O problema é que hai ocasións nas que os máis próximos non teñen o que ti andas buscando e tes que ir buscalo noutros produtores doutros lugares.

- Os puntos fortes de Pousada Chiquitín son..

- (A.P): As nosas instalacións. Contamos con dúas terrazas, unha cunha parte cuberta e outra ao aire libre e unha segunda completamente exterior; un trato totalmente familiar e de confianza, de feito, fai un tempo chegou un peregrino e preguntoume por miña nai. Este camiñante viñera fai anos facer o camiño de Santiago e acordábase de que en Pousada Chiquitín o atendera unha señora que el denominaba como "la mamá del camino". Esta é unha curiosidade que amosa que cando o trato e bo e próximo, despois a xente repite no mesmo lugar porque sabe que nel vai estar coma na casa ou porque, simplemente, ten un recordo moi agradable do ambiente.

CAMBIO DE DIRECCIÓN NA ÓPTICA AFFLELOU MELIDE

A Óptica Afflelou de Melide cambia a súa directiva, para poñerse á fronte dela chegaron Marta Mosquera e Tamara Núñez, dúas profesionais do sector cargadas de enerxía, ilusión, alegría e experiencia. No Cerne deste mes quixemos ter unha conversa con elas para coñecelas e descubrir os novos proxectos e obxectivos que queren impulsar nesta óptica melidense.

MARTA MOSQUERA E TAMARA NÚÑEZ

Óptica Afflelou Melide *(Ronda da Coruña, 16) - Tfn.: 981 50 60 97*

"O noso obxectivo é ser a óptica de referencia para os melidenses"

Tamara Núñez e Marta Mosquera na Óptica Afflelou de Melide. / Foto: Cerne

- Sodes dúas socias novas, por iso o primeiro é coñecervos.

- (M.M): Pois somos Marta Mosquera e Tamara Núñez, dúas especialistas no mundo da óptica con vinte anos de experiencia. Somos propietarias de outras dúas tendas, situadas en Arzúa e no Pino, e tiñamos moitas ganas de ter tamén un oco en Melide. Ademais, eu estaba especialmente ilusionada en que fose nesta vila porque eu son de aquí.

- Por que decidistes coller a Óptica Afflelou melidense?

- (T.N): Por unha parte, porque Tamara é de aquí e eu teño familia tamén pola zona. Ademais, por xeografía quedábanos moi ben porque é ir continuando o camiño, son vilas pegadas practicamente. Logo, por outra parte, porque crear unha nova óptica dende cero e habendo xa tres no municipio non nos parecía o máis axeitado. Entón, agora que a anterior propietaria quixo traspasala aproveitamos a oportunidade.

- Aínda levades poucos días pero como está sendo a acollida?

- (T.N): Moi boa. Estamos as dúas moi ilusionadas con este novo proxecto e iso tamén se transmite. A parte máis positiva é que empezamos esta aventura coas mesmas ganas que tiñamos cando abrimos a primeira óptica pero con moita máis experiencia. O noso obxectivo principal é darlle un bo servizo e de calidade á veciñanza de Melide que se achegue a facernos consultas ou a mercar.

- (M.M): Agora temos que esperar a ver á xente o que lle parece o cambio porque aínda levamos pouco tempo. O que si, empezamos a notar que as persoas xa saben que cambiaron de propietarias, con respecto a iso xa se foi correndo un pouco a voz.

- Como conseguides organizarvos para atender as tres ópticas?

- (T.N): É moi complicado. De feito, a organización entre as tres tendas foi o que máis tempo nos está levando nestes primeiros momentos porque tes que intentar atender os tres establecementos igual.

- (M.M): O bo é que ao ser dúas sempre é máis fácil porque nos apoiamos a unha na outra. Despois de catorce anos xa somos un equipo totalmente consolidado.

- Que obxectivo vos marcastes a medio prazo?

- (T.N): Gustaríanos ser a óptica de referencia para os veciños e veciñas de Melide e da comarca. Queremos ser coñecidas por traballar ben, dar un bo servizo e un trato personalizado.

- (M.M): En definitiva, que cando a xente precise dunha óptica na vila pense en nós.

- É posible conciliar a vida laboral e familiar tendo tres ópticas abertas?

- (M.M): É moi difícil. A min persoalmente estame custando moito. Cada tenda ten o seu horario, os nenos outro diferente e compaxinalos é complexo. No meu caso, o meu marido ten as tardes libres e poden quedar con el porque senón sería imposible, tería que decidir se deixar de traballar ou contratar a alguén para que me quedara ao coidado del.

- Que consello nos podedes dar para coidar a nosa vista agora que estamos todo o día mirando para unha pantalla?

- (M.M): Descanso e protección. É dicir darlle á vista o descanso que precisa e utilizar os filtros adecuados nas nosas lentes.

- (T.N): Dende a chegada da pandemia notouse moito un incremento de problemas visuais relacionados co aumento de uso das pantallas, co teletraballo e o cansazo do propio ollo. É moi importante graduarse a vista máis a miúdo de que o facemos.

- Cada canto tempo deberiamos facer unha revisión?

- (T.N): O ideal e aconsellable é unha vez ao ano, especialmente no caso dos nenos e nenas que están constantemente medrando e cambiando.

- (M.M): Despois nos adultos eu recomendaría facer unha proba chamada fondo de ollo, a cal dá moita información sobre a saúde do noso ollo.

- (T.N): Houbo xente que grazas a esa proba se lle detectou que era diabético. Este é un exemplo de que hai enfermidades silenciosas que co fondo de ollo se poden detectar. Ademais, esta proba senón pertences a un determinado grupo de risco na seguridade social é complexo que cha fagan, polo que se a podes facer nunha óptica sempre é un valor engadido.

- No verán non nos podemos esquecer de coidar os nosos ollos.

- (M.M): Claro que non. Agora nesta época é fundamental protexelos con filtros para o sol. Temos que tomar conciencia de que igual que protexemos a pel do sol cunha crema os ollos tamén os debemos protexer coas gafas de sol. Iso si, as lentes téñense que comprar sempre nunha óptica, non vale calquera gafa.

Óptica Afflelou no seu interior. /Foto: Cerne

SABER DE LEI

A Lei Riders

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Nos últimos meses numerosas foron as ocasións nas que temos escoitado falar dos denominados "riders" xa que o goberno aprobou unha lei para regular a situación dos mesmos, debido o incremento dos mesmos nos últimos anos.

Os "riders" son aqueles traballadores que se dan de alta en plataformas dixitais como Golvo, UberEats, Stuart entre outras e traballan repartindo obxectos e comida para os usuarios distas aplicacións. As novas tecnoloxías foron as propulsoras desta nova figura que de antemán pode asemellar a do clásico repartidor.

Os "riders" traballan para empresas e compañías pero estas non lles daba o recoñecemento de traballadores das mesmas, senón de colaboradores independentes, e con soldos precarios. Estes traballadores estaban totalmente desprotexidos laboralmente e as súas condicións de traballo eran moi inestables e duras.

O pasado mes de setembro o Tribunal Supremo ditaminou que os "riders" eran falsos autónomos. O 11 de maio o Consello de Ministros aprobou a chamada "lei riders" (Real Decreto- lei 9/2021 do 12 de maio, que entrará en vigor o vindeiro mes de agosto) tras meses de negociacións cos sindicatos e coa patronal que representa aos empresarios. Coa nova lei as empresas deberan contratar aos "riders", deixándose de considerar así como colaboradores independentes para pasar a ser traballadores da empresa con plenos dereitos. Segundo esta lei o estatuto dos Traballadores recoñecerá a presunción de laboralidade para os repartidores que desempeñan os seus servizos a través de empresas que xestionan esta labor mediante a xestión algorítmica do servizo ou das condicións de traballo a través dunha plataforma dixital. Deste xeito deixan de ser falsos autónomos con contrato mercantil, pasando a ser asalariados. Polo tanto as plataformas deberán cotizar o soldo dos seus repartidores na seguridade social, e estes terán dereito a vacacións, períodos de descanso, baixa por enfermidade ou accidente e prestacións de desemprego, algo que ata o de agora carecían. Coa entrada en vigor da nova lei, tamén a representación legal dos traballadores deberá ser informada das normas que encerran os algoritmos e os sistemas de intelixencia artificial que poidan incidir nas condicións laborais polas que se rexen as plataformas, incluíndo deste xeito o aceso e mantemento do emprego e a elaboración dos perfís, dar conta dos sistemas que puntúen aos empregados á hora de ascensos ou despidos....

O Organismo Estatal de Inspección de Traballo , encargado de que se cumpra a normativa, entre o ano 2019 e 2020 pediu a Glovo que regularizase a situación de 11.000 dos seus "riders". Polo que era evidente que os gobernos deberían de tomar medidas para regularidade a situación distes traballadores. Aínda así os sindicatos seguen sen estar conformes coas medidas acordadas, xa que as consideran insuficientes, e considera que debería incluír a outras plataformas máis aló das de reparto. Asociacións de "riders" defenden o modelo de autónomos en vez de asalariados porque lles daría máis liberdade. Algunhas distas asociacións mostraron a súa total desconformidade ante o Comisariado Europeo de Emprego. A asociación APS entre as que se encontra a plataforma de Glovo sinalou nun comunicado que a nova regulación pode chegar a afectar ao desenrolo da economía dixital en España.

En outros países de Europa, como no caso de Italia en setembro de 2019 o goberno italiano aprobou unha modificación urxente co fin de garantir a protección económica e regulamentaria de traballadores empregados na entrega de bens en nome de outros, en areas urbanas e coa axuda de ciclos ou vehículos a motor. Con esa modificación na súa lexislacións incluíanse indemnizacións de traballadores que podían ser calculadas sobre a base de entregas realizadas ou a obriga dun seguro que protexa ao traballador no caso de que teña un accidente laboral ou desenvolva unha enfermidade profesional. No caso de Francia aínda se está pendente de regulamentar unha lei previa. A Comisión Europea tomou a iniciativa para que os países membros o fagan o antes posible, a pesar dos intentos individuais previos. Nesta lei como en calquera outra, nunca chove a gusto de todos!

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

ALTERACIÓNS ARTICULATORIAS, ALGO MÁIS QUE /RR/

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Pode que o campo máis coñecido da logopedia sexa o tratamento das alteracións articulatorias, máis concretamente do /rr/. Sen embargo, calquera fonema pode ver alterada a súa articulación ou pronuncia.

O termo máis xeneralizado para referirse a este tipo de alteracións era o de DISLALIA que quedou en desuso dando paso a un máis técnico e explicativo: TRASTORNO DOS SONS DA FALA (fonético ou fonolóxico- acuñado por Franklin Susanibar). Este trastorno pode afectar a calquera dos fonemas da fala da persoa e pode deberse a un "defecto" na adquisición (fonética) ou na alteración (fonoloxía) do fonema realizado. Así, nun trastorno de tipo fonético, a persoa non será capaz de articular o fonema de ningunha forma, tendo que substituílo ou omitilo mentres que no caso do tipo fonolóxico, a persoa xa é capaz de producir de forma adecuada o son, mais non de forma espontánea, sen axuda e/ou referencia. Para delimitar se é un ou outro, a logopeda analiza: a discriminación auditiva (capacidade de identificar os elementos acústicos diferenciadores entre fonemas que teñen unha zona ou punto de articulación similares e/ou forma ou modo e articulación similar), a musculatura orofacial (tendo en conta todos os parámetros do movemento) e as funcións de respiración, voz ou fonación), ademais de por suposto, a articulación. Estas funcións, ao contar coa mesma musculatura para a execución de diferentes tarefas poden condicionar ou estar relacionadas, calquera delas, cunha incorrecta articulación.

O máis habitual será que as persoas con este tipo de alteracións acuda a unha logopeda en idade escolar posto que as alteracións articulatorias teñen unha forte interrelación coas alteracións na aprendizaxe da lectoescritura. Se non é capaz de facer unha pronuncia boa, pode ter dificultades para facer a conversión correcta entre o grafema e o fonema para a lectura e viceversa para a escritura. Aínda así, hai persoas adultas que presentan estas alteracións, de forma máis estendida co /rr/ ou o /s/ e o /z/, pero deberían traballarse tamén na idade adulta, posto que poden corrixirse sen maiores dificultades. Require simplemente dunha valoración exhaustiva da logopeda e un plan de traballo que garanta a adquisición e/ou xeneralización dos fonemas alterados, coa colaboración familiar (sobre todo no caso das/os nenas/os) e da persoa paciente, esencial sempre para o éxito do tratamento.

Hai que ter en conta que cando falamos destas alteracións articulatorias, falamos como moito de dous ou tres fonemas afectados. Se unha persoa non é capaz de pronunciar máis dese número de fonemas, en logopedia falaremos de INMATURIDADE ARTICULATORIA ou RETRASO DA FALA. Este tipo de alteracións supón, ademais de dificultades para pronunciar, a afectación da intelixibilidade da fala e a lonxitude dos enunciados da persoa. Condicionarán desta maneira a comunicación da persoa e a intervención sobre estas alteracións terá unha duración maior e deberán valorarse ademais outros aspectos como a semántica ou a morfosintaxe para delimitar que reforzar para conseguir mellores resultados.

Teléfono:
642 007 210

O novo centro de saúde melidense xa está operativo e en funcionamento

Fotografía do exterior das instalacións do novo centro de saúde de Melide. / Foto: Cerne

A última semana do mes de xuño e dezaseis días despois da súa inauguración, o novo centro de saúde melidense comezou a estar operativo e en funcionamento.

Estas instalacións contaron cunha inversión de preto de tres millóns de euros, materializados en case dous mil metros cadrados (1.943 con exactitude). O novo centro de saúde está situado na rúa Ourense, moi cerca do antigo edificio onde se acollía a asistencia médica da vila.

A infraestrutura actual cun 60% máis de superficie que o anterior e conta con sete espazos a maiores: para consultas de medicina xeral e de enfermería. A isto hai que sumarlle catro habitacións para medicina de familia, catro de enfermería, unha sala de toma de mostras, unha de educación sanitaria, outra de espirometría, unha de hixienista, e, como novidade, un espazo para realizar retinografías e ecografías.

Ademais, o novo centro de saúde renova as estancias de pediatría, matrona, consulta de farmacia, enfermería pediátrica, traballo social, odontoloxía e fisioterapia con sala de ximnasio. Este centro conta con 7.025 tarxetas sanitarias das que preto de oitocentos pacientes están en idade pediátrica.

Neste novo edificio tamén está situado Punto de Atención Continuada (PAC) para a veciñanza de Santiso, Toques e Melide. Este feito supón que o centro acolla 9.400 tarxetas sanitarias. O servizo de urxencias está dotado dunha consulta de medicina, outra de enfermería, unha de reanimación e observación, así como tres estancias de dormitorio.

Un novo espazo sanitario, polo que os e as melidenses levaban anos esperando. O día da súa inauguración, a xefa de servizo, Silvia Varela, fixo fincapé en que a nova infraestrutura "fainos mellorar moito en calidade de atención ao paciente; gañamos en salas, en equipos de diagnóstico, e estamos encantados de traballar nun centro tan moderno e tan acorde ao que precisamos". Por outra parte, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, afirmou que "estamos facendo unha ampliación non só dende o punto de vista do confort, senón tamén de servizos". Dende a administración municipal, o alcalde, José Manuel Pérez, comentou que neste centro "vanse ofrecer servizos sanitarios de primeiro nivel", tamén dixo que son "unhas instalacións do mesmo nivel que os traballadores".

Este centro de saúde contén tamén cambios no seu funcionamento, nel os e as pacientes ao entrar deben acudir a unha pantalla táctil na que lles aparecerán diferentes opcións polas que acoden ás instalacións. Unha vez seleccionado o motivo deben coller a papeleta que sae do aparato e fixarse nas pantallas á espera de que saia o mesmo código nelas. Un sistema que, nestes primeiros momentos está a dar algúns problemas por falta de entendemento e costume, especialmente, na xente de maior idade.

O antigo local no que se acollía a atención sanitaria será reutilizado polo Concello de Melide, propietario do inmoble.

A deputada Monserrat García visita Melide para recoller as demandas da localidade

Os compoñentes da mesa de reunión. /Foto: Concello de Melide

A deputada socialista Monserrat García, xunto a Begoña Rodríguez, deputada do Parlamento de Galicia, visitaron Melide para recoller as demandas da administración local nas que ten competencia o goberno nacional.

Nesta xuntanza estiveron presentes o alcalde da vila, José Manuel Pérez, o tenente alcalde, José Antonio Prado, un dos temas que se tratou na reunión foi a necesidade de axilizar as melloras na seguridade viaria da estrada nacional E-547, moi transitada por vehículos e peóns. En referencia a esta estrada, o BNG tamén rexistrou varias iniciativas con respecto a E-547.

Nesta estrada, no tramo Arzúa - Melide, contabilízanse ata catro puntos negros, polo que urxe realizar as obras para mellorar a súa seguridade.

A reunión coas dúas deputadas correspóndese a unha rolda de xuntanzas coas corporacións dos concellos galegos. García comprometeuse a trasladar estas necesidades a Madrid.

O Concello contratará dúas persoas para a prevención de incendios

Un traballador de prevención de incendios. /Foto de arquivo

A Xunta de Galicia apoiará ao Concello de Melide para a contratación de dúas persoas para a prevención de incendios.

Os contratos terán unha duración de nove meses. As persoas contratadas coas axudas do goberno galego realizarán tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de lumes nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Melide pon en marcha o servizo de madrugadores para o próximo curso

A concelleira de Igualdade e a de Educación na presentación do servizo de madrugadores. /Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide, a través da Concellería de Igualdade e a de Educación, pon en marcha para o vindeiro curso escolar o servizo de madrugadores nos tres centros educativos da vila (CEIP Nº1, CEIP Martagona e CEIP Mestre Pastor Barral).

Este servizo busca mellorar e facilitar a conciliación familiar e laboral dos pais e nais dos cativos e cativas en idade escolar. Esta era, dende hai tempo, unha das maiores demandas que os pais e nais do alumnado lle facía a administración local, polo que dende hai uns meses o Concello púxose en contacto coas ANPAS para valorar a posta en marcha deste proxecto.

No medio do curso escolar, as concellerías de Igualdade e Educación realizaron unha sondaxe nas escolas de Melide para coñecer a demanda real do programa de madrugadores para así poder deseñar esta liña de actuación.

Coincidindo co fin das clases lectivas, a concelleira de Igualdade, Carmen Liñeira, e a de Educación, María Jesús Iglesias, anunciaron que o próximo curso contará co servizo de madrugadores e abriron o prazo de solicitudes dende o mércores 1 ata o martes 15 de xullo. Para facer a solicitude os pais e nais interesados deben acudir ao rexistro do Concello de Melide e entregar toda a documentación: DNI ou NIE do pai, nai ou titor/a; libro de familia, título de familia numerosa , resolución de acollemento ou equivalente; tarxeta sanitaria do cativo ou cativa e, en caso de padecer intolerancias, alerxias ou algunha outra enfermidade, o certificado médico. De todos xeitos, o prazo para poder empregar este servizo estará aberto durante todo o curso escolar, xa que esta é unha actividade dinámica e na que os pais e nais do alumnado poidan acollerse a este servizo sempre que o precisen.

Esta iniciativa poderá empregarse en días soltos ou de maneira diaria. No caso do alumnado que asista todos os días con almorzo incluído sería duns 40 euros ao mes; se pola contra a asistencia é diaria pero sen almorzar serían 30 euros por mes. Outra posibilidade é levar aos cativos e cativas en días soltos o que supoñería, con almorzo catro euros por día, e sen comer tres euros.

Ademais, a administración local conta coa confirmación, por escrito, da cesión das aulas de dúas das tres formacións directivas das escolas públicas do municipio.

O equipo de goberno local quixo “agradecer ás direccións dos centros educativos a súa colaboración e axuda para poder implantar o programa nas propias escolas”.

Grazas a esta iniciativa os proxenitores poderán levar aos seus fillos e fillas ás sete e media da mañá para o seu centro educativo, facilitando así a vida laboral e familiar dos e das melidenses. Dende a hora de entrada o alumnado realizará actividades de ocio, convivencia e tempo libre ata a hora de entrada en cada escola.

A corporación municipal afirma “cumprir un obxectivo prioritario do goberno, como é a conciliación da vida laboral e familiar” da veciñanza da vila.

O regulamento do programa de madrugadores aprobouse, o pasado xoves 1 de xullo en pleno extraordinario, por unanimidade. É dicir, cos votos a favor de Adiante Melide, PSdG - PSOE e PP.

Aprobado o novo ordenamento do servizo de saneamento e depuración das augas residuais

Fotografía aérea da depuradora de augas residuais melidense. / Foto de arquivo

O Concello de Melide vén de aprobar, por unanimidade, no pleno extraordinario do pasado 1 de xullo o novo ordenamento do servizo de saneamento e depuración de augas residuais da vila.

O texto aprobado supón unha actualización do anterior ordenamento datado do 2009. Tal e como afirma o voceiro e concelleiro de Adiante Melide, Xosé Igrexas, “regula as condicións para as autorizacións dos vertidos de xeito que non causen efectos prexudiciais tanto ao medio ambiente como á rede de saneamento” do municipio. Ademais, este texto tiña unha necesidade clara de actualización e busca evitar as emisións incontroladas de contaminantes.

Por parte da oposición, Dalia García, a voceira do PP melidense, esixiu realizar unha maior inversión en saneamento por parte do Concello de Melide no que queda de lexislatura.

O IES de Melide solicita o mantemento da EOI no centro

O IES de Melide envíalle un escrito á Consellería de Educación amosando o seu descontento coa decisión da Xunta de pechar a sección que a Escola Oficial de Idiomas tiña no centro educativo da vila.

Este foi un dos temas tratados no último Consello Escolar do curso, e nel o equipo directivo expresou a súa sorpresa pola toma desta decisión e solicita que se teña en conta cuestións como que a EOI presta un servizo de formación “importante para esta comarca, non só para o concello de Melide”, tal e como afirman no escrito. A poboación de municipios limítrofes teñen a vila como referencia e onde teñen centralizada a oferta de moitos servizos públicos, entre os que está a educación.

Ademais, dende o centro sinalan que a decisión de pechar ou non unha sede da Escola Oficial de Idiomas e de calquera outra actividade formativa, “non debería estar baseada na rendibilidade económica da mesma, máxime cando está prestación a fai un organismo público que debería velar por ofrecer un servizo de calidade” e asegurarse que “a poboación teña acceso a el”. O IES de Melide espera que Consellería de Educación teña en conta estas cuestións antes de tomar unha decisión final.

ENTREVISTA AO CONCELLEIRO DE DEPORTES, JOSÉ PRADO

Nas últimas semanas, os deportistas melidenses non se cansan de colleitar logros e premios. Unha mostra máis da gran profesionalidade da veciñanza melidense no eido deportivo. Ademais, o Concello Melide, a través da concellería de deportes está organizando diferentes actividades e accións para fomentar o deporte entre os veciños e as veciñas, independentemente da idade que teñan. Por este motivo, falamos con José Prado, concelleiro de deportes, para non perder detalle das próximas citas deportivas e saudables.

"En Melide intentamos que non haxa escusas para non facer deporte"

José Prado, concelleiro de deportes. / Foto: Concello de Melide

- A actividade da 'Andaina do Bocelo' foi todo un éxito. Que foi o que animou a preto de noventa persoas a participar nela?

- (J.P): A 'Andaina do Bocelo' responde a tres ideas: a primeira, que a xente se manteña activa; en segundo lugar, coidar o noso entorno e natureza; e por último, descubrir encantos do noso concello e arredores como é o Coto do Pilar, o punto máis alto da provincia da Coruña. Esta actividade foi un traballo conxunto entre a administración local de Toques e a de Melide, do que ambos Concellos estamos máis que satisfeitos. Iniciativas coma esta traen diversos beneficios como: hábitos de vida saudable, o coidado e respecto polo noso patrimonio, e xeran valor económico porque pon en coñecemento de persoas que non son de Melide que nesta vila tamén se pode facer un turismo deportivo e moi ligado coa natureza. Polo tanto, con estas accións o municipio colle forza como destino turístico para aqueles que son amantes do deporte.

- Cales foron as sensacións que deixou este camiño?

- (J.P): Moi boas. Os e as participantes quedaron encantados. O que chama a atención é que a gran maioría eran veciños e veciñas de Melide e, moitos deles, non sabía que se podía chegar ata o Coto do Pilar dende a vila sen pisar practicamente o asfalto. A xente pediunos facer máis actividades deste tipo e nós traballaremos arreo para realizar máis. Ademais, impulsamos para pasear o Camiño Real que é antiga estrada que unía Coruña con Ourense. Un entorno natural realmente fermoso, ideal para camiñar e facer deporte, sen necesidade de afastarnos moito de Melide.

- Esta ruta aínda non está homologada. Hai prevista algunha actuación neste eido?

- (J.P): Estamos traballando para homologala e darlle unha categoría superior. De feito, temos xa realizada unha memoria e pedimos subvencións á Xunta de Galicia pero non se nos concederon, polo que teremos que seguir traballando para buscar financiamento por outras vías. Nestas tarefas tamén está moi implicado o Concello de Toques. Ademais, hai unha segunda senda que queremos impulsar que é a do Furelos. Esta andaina parte da Ponte Medieval (situada na aldea de Furelos) e chega ata o mesmo Concello de Toques, podéndose enlazar ata as Fervenzas de Brañas.

- Como foi, no eido das clases deportivas, traballar este curso coas medidas de prevención impostas pola situación epidemiolóxica?

- (J.P): O programa Melide Activo ten por finalidade que a veciñanza se manteña activa e iso foi o que nos moveu ao longo destes meses. Dadas as circunstancias, tivo que ter varias modalidades, a presencial como foi esta andaina da que falabamos antes, e a telemática como foron as clases de diferentes disciplinas que se deron durante o curso. Teño que dicir que estamos moi satisfeitos coa acollida que tivo a modalidade en liña das actividades, superáronse as nosas expectativas. De feito, sorprendeunos moito a cantidade de persoas maiores que seguiron as clases pola rede.

- Haberá actividades deportivas presenciais para setembro, co comezo do curso?

- (J.P): Nós estamos traballando para que as haxa. Non obstante, como é lóxico, todo depende da evolución das circunstancias sanitarias. No caso de que se poida, haberá clases presenciais e, se non se pode teremos, que volver ó método en liña. O importante é que en Melide non haxa escusas para non facer deporte.

- E agora no verán podemos facer deporte na Praia Fluvial de Furelos?

- (J.P): Xusto. De feito, este goberno está moi orgulloso de que, por primeira vez, se realizaran tarefas de mantemento durante todo o ano na praia fluvial. Isto permitiu á veciñanza poder acudir a ela tamén durante os meses de inverno e outono para pasear e desfrutar do entorno. Estas tarefas de mantemento intensifícanse na época estival pero seguirán durante todos os meses do ano.

- Este ano, o río Furelos ten a cualificación de auga suficiente para poderse bañar.

- (J.P): Si, pero temos que lamentar que o fondo do río siga tendo eses lodos e material de arrastre que se acumulan nos días de mal tempo. Dende o Concello, no mes de abril, pedímoslle permiso a administración competente autorización para limpalos pero aínda non obtivemos resposta. Por esta razón, xunto ao río púxemos ben claro que os e as bañistas deben ter moita precaución cando se vaian meter nel.

- O día 17 de xullo haberá un campionato de baloncesto na rúa.

- (J.P): Si, nós o que queremos con este tipo de actividades é, por unha banda que a veciñanza faga deporte e uns hábitos de vida saudables, e pola outra, que o deporte volva á rúa. Isto último é fundamental, porque é na rúa onde comezan a xogar todos os deportistas, o xogo na rúa cos amigos é a esencia e inicio de todo no mundo do deporte. Tamén estamos valorando a posibilidade de facer máis iniciativas deste estilo con outros deportes.

Parte dos participantes na 'Andaina do Bocelo'. /Foto: Melide Activo

MELIDE 3x3

BASKET NA RÚA

SÁBADO 17 XULLO

PRAZA DAS UNIVERSIDADES
(PISTAS DO MULTIUSOS)

de 09:00H a 22:00H

TODO O DÍA FACENDO DEPORTE

FORMATO DE GRUPOS

EQUIPOS DE 3 A 5 XOGADORES

MÍNIMO 8 PARTIDOS
(en función do formato)

PARTIDOS DE 10 MINUTOS

INSCRÍBETE NA APP DO CONCELLO
(APP SPORTTIA)

NOS POÑEMOS OS MEDIOS...
TI... AS GAÑAS DE PASALO BEN

PREMIO: FACER DEPORTE COS AMIGOS

ORGANIZA

COLABORAN

#MELIDEACTIVO

MARVI MERCERIA

- Variedad en mercería y lencería
- Las mejores marcas del mercado

elomi Freya

FANTASIE

Rúa do Convento, 16 - Melide Tfno.: 679 221 381

MELIMATICASL
TU TIENDA DE INFORMÁTICA

Venda e Reparación de Equipos Informáticos, Mantemento Empresas, Aluguer de Equipos Informáticos, Telefónica Móvil e Tablet, Fotografía e Vídeo, Televisión, Son, Vídeo vixilancia, Istalación TPV, Restauración, Instalación de Control de Presencia en Hoteles e Albergues, Recuperación de Datos, Saída a Domicilio e Reparación in situ, Todo o necesario para Goming, Presupostos sen Compromiso

Rúa Otero Pedrayo, 6 - Melide 981 50 78 81

SERVICIOS FUNERARIOS
EL MUEBLE, S.L.

Ronda de Pontevedra, 2
Melide
Teléfono: 981 50 50 89

Meixela centro de estética

Tratamentos e servizos:

- *Presoterapia*
- *Chocolaterapia*
- *Maquillaxe*
- *Microblanding*
- *INDIBA*
- *Coidado das mans*
- *Tratamento de ouro*
- *Lifting de pestanas*
- *E moitos tratamentos máis*

Pide a túa cita no 639.440.688

José Ángel Penas, do BNG, toma posesión como alcalde de Toques

José Ángel Penas no pleno da toma de posesión. /Foto: Concello de Toques

O 18 de xuño, José Ángel Penas, membro do Bloque Nacionalista Galego, colleu o bastón de mando da localidade de Toques. Este cambio na alcaldía xa estaba previsto dende o ano 2019 cando, logo das eleccións, o BNG e o PSdG firmaron un acordo para gobernar o municipio.

O novo alcalde de Toques afirmou no pleno da toma de posesión que continuará "coa folla de ruta de traballo" que as dúas organizacións políticas deseñaron para realizar nesta lexislatura que rematará en 2023. Durante os dous primeiros anos, foi o socialista Miguel Buján o que ocupou o cargo de alcalde.

Para Penas estar aos mandos da alcaldía toquense non é nada novo, xa que repite por segunda vez, aínda que afirma ter "a mesma ilusión que no 2015". Ademais, o voceiro nacionalista da localidade amosouse satisfeito de ter outros dous anos por diante para seguir mans á obra, e de que fose a súa lista a que gañara nas eleccións de 2019, porén sen maioría absoluta. Unha victoria que José Ángel Penas considera "un premio polo traballo ben feito".

O rexedor nacionalista comprometeuse a seguir realizando tarefas polo "ben de toda a veciñanza" e a estar "á disposición para o que faga falta". Así mesmo, Penas admitiu que "queda moito traballo por facer, pero vamos poñer todos os medios para conseguir os nosos obxectivos" para estes catro anos.

Neste pleno tamén houbo tempo para mirar cara o pasado, no que o nacionalista se referiu a unha primeira etapa de lexislatura "complicada" por mor da COVID-19 e que precisou dun "esforzo extra". Estes feitos supuxeron ter que "afrontar con rigor as circunstancias impostas pola pandemia".

Sobrado realiza un vídeo para darlle promoción á vila

Sobrado desprega os seus encantos nun vídeo promocional co que pretende impulsar o turismo.

O alcalde, Lisardo Santos, presentou a principios de xullo o vídeo a toda á veciñanza do municipio.

Ademais, Santos amosou con anterioridade o vídeo ás autoridades, co obxectivo de darlles a coñecer a oferta turística local e crear novas sinerxias para impulsar xuntos e xuntas o territorio.

No vídeo proxéctanse lugares como o Mosteiro de Santa María, o campamento romano da Ciadella, o Museo Bea Rey, a carballeira da Casa do Gado ou a lagoa de Sobrado.

A Deputación licita a construción dunha senda peonil en Santiso

A Deputación da Coruña licita por 239.216 euros a construción dunha senda peonil para mellorar a seguridade viaria na estrada provincial DP-7901, ao seu paso por Santiso.

Tal e como explicou o deputado de vías e obras, José Manuel Pequeño, "as obras levaranse a cabo dun tramo de aproximadamente 1,5 quilómetros que conecta os núcleos de poboación de Chorén e A Cruz. Esta estrada é unha das principais vías de comunicación do municipio, xa que une a AC-840 co lugar de A Cruz, moi preto de onde se atopa a Casa Consistorial.

Un tramo da estrada provincial DP - 7901, en Santiso. /Foto: Cerne

Na actualidade, a veciñanza da zona non dispoñen dun espazo seguro polo que transitar. Ademais, contan con elementos como contedores instalados na calzada, polo que se dificulta a súa mobilidade e reducen a visibilidade dos vehículos que circulan pola estrada. Estas circunstancias non permiten a correcta visibilidade e supoñen un risco para o tráfico peonil.

Para solucionar esta situación, a Deputación construirá na marxe dereita da estrada. Esta contará cunha anchura de metro e medio. Pequeño afirmou que "estas actuacións permitirán crear un novo espazo para os contedores que antes se atopaban na vía, eliminándoos das zonas nas que supoñían un obstáculo para a correcta visibilidade e tránsito peonil". As tarefas incluirán o despexe e roza do tramo, e a renovación da sinalización.

Éxito de participación nos campamentos de verán

Alumnado dos campamentos de verán doutros anos. /Foto de arquivo

Os catro concellos da comarca da Terra de Melide contan con campamentos de verán durante os meses de xullo e agosto.

A participación nestas actividades é todo un éxito, xa que permite a pais e nais conciliar a vida laboral e familiar na época máis complexa, cando os cativos e cativas non teñen escola.

En Melide o campamento conta con oitenta prazas e abarcará dende o 5 de xullo ata o 13 de agosto; Santiso son corenta os nenos e nenas que acoden a esta actividade estarán ata o 6 de agosto; en Toques hai dúas modalidades, o campus deportivo e o de verán, rematarán o vindeiro día 30; e por último, en Sobrado teñen en marcha a ludoteca ata o 31 do próximo mes, onde tamén terán outras actividades complementarias.

Sobrado acolle un debate sobre oportunidades do rural

Cartel do evento sobre un rural de oportunidades. /Foto: C. Sobrado

O Grupo de Desenvolvemento da Comarca de Lugo celebrará o vindeiro venres 23 de xullo unha andaina e debate para reflexionar sobre un rural de oportunidades. Este evento para os máis novos e novas, terá lugar no espazo Polideportivo de Sobrado dos Monxes en horario de seis a oito da tarde.

Durante esta xornada, os participantes realizarán unha andaina cara a Lagoa da localidade e opinarán sobre as oportunidades que ten o rural galego para a mocidade. Organiza o evento a asociación Ingalicia Europortunidades.

As persoas interesadas en anotarse a este acto ou conseguir máis información teñen que chamar ao número de teléfono: 630 77 01 12.

O gaiteiro local Suso Ascariz presenta 'A gaita na Terra de Melide' en Toques

O gaiteiro Suso Ascariz presentou o seu libro 'A gaita na Terra de Melide' o pasado domingo 4 de xullo na aula da Natureza en Toques. Este evento foi o primeiro dos catro que fará para dar a coñecer a súa primeira obra.

Nesta presentación, Suso Ascariz explicoulles aos asistentes cuestións e detalles que forman parte do libro para que tiveran maior información á hora de lelo. Ascariz tamén tivo tempo para interpretar unhas das súas pezas acompañado por un bombo e tamboril, estas cancións tamén se poden escoitar no CD que traer incorporado o libro.

Como non podía ser doutro xeito, Suso Ascariz firmou os exemplares dos asistentes que así o desexaron para facer de cada obra un obxecto único e totalmente personalizado.

Suso Ascariz firmando un dos seus exemplares. /Foto: Xabier Varela

O libro é un conxunto de historias e relatos que nos axuda a coñecer e descubrir gaiteiros, gaiteiras e artesáns da nosa comarca. Ademais, contén partituras inéditas con pezas desta zona, fotografías e moitas máis curiosidades. Tal e como nos dicía nunha entrevista o autor, "este é un libro para o público en xeral, non para expertos en música tradicional galega".

A próxima presentación da obra será o 5 de agosto no Castelo, en Melide; e o 6 no Mosteiro de Sobrado dos Monxes.

Para as persoas interesadas en mercar o libro, agora xa o poden facer en calquera librería da vila.

A poeta María Luisa Pereiro publica un libro heteroxéneo

As tres autoras de 'A.M.A En Esencia'. /Foto: María Luisa Pereiro

A veciña e poeta melidense María Luisa Pereiro, xunto coas taboadesas Ana Isabel Rey e Ana Vila Portomeñe presentaron o seu libro 'A.M.A.En Esencia' o pasado sábado 10 de xullo no Museo Terra de Melide.

As tres autoras, todas elas veciñas do rural galego, escribiron esta publicación que "fala dos nosos sentimentos e estamos seguras de que vai sorprender", explican as escritoras. Esta obra combina poesía en galego e castelán con algunha que outra historia xurdida duha conversa entre as tres mulleres, na que falaron sobre as posibilidades que ofrecen as zonas rurais. En definitiva, falan as autoras de que escriben sobre "cousas fermosas que se fan nestes territorios".

O CABACEIRO DO LEBOREIRO

TIÑAS IDEA?

O cabeceiro do Leboreiro, xunto ao antigo Hospital dos Peregrinos e a Igrexa. / Foto de arquivo

O camiño Francés chega a Melide pola aldea de Santa María do Leboreiro. Esta parroquia no famoso Códice Calixtino (do século XII) aparece como Campus Levurarius, que significa "campo de lebres".

O Leboreiro é un lugar cheo de encantos, pero un dos máis destacados é o seu cabaceiro ou cabazo situado preto da Igrexa, diante do antigo Hospital de Peregrinos. Este monumento cumpría a mesma función de conservación que os posteriores hórreos. Este cabaceiro está feito con varas unidas que recorda aos celeiros primitivos. Diferentes estudos sinalan que estas construcións son típicas da zona, por eso mesmo, podemos atopar outro cabaceiro similar na parroquia de Orosa en Palas de Rei.

Esta construción era un lugar indispensable para a poboación da época porque grazas as súas características, entre as que destaca a súa boa ventilación era o sitio idóneo para gardar o millo. A palabra cabazo ou cabaceiro provén, segundo Trapero Pardo, do termo cabaza, froito que frecuentemente se deixaba secar nas placas situadas entre os piares e o cabaceiro para evitar que pequenos animais, como por exemplo os ratos, accederan ao seu interior e estragaran os cereais ou alimentos gardados dentro.

Imaxe de preto do cabeceiro do Leboreiro. / Foto de arquivo

NOVO CIRCUÍTO DE TRAIL NA CORNELLA - SANTISO

As boas ideas, case sempre, saen das necesidades que unha situación ou circunstancia presenta nun determinado momento. Isto sucedeu, no concello de Santiso, onde a administración municipal posuía unha ampla parcela chea de maleza á que se precisaba dar uso. Este recuncho está situado enfronte á área recreativa da Cornella, na parroquia da Ponte de Arcediago, nun entorno natural único do que actualmente xa poden desfrutar todos os veciños e veciñas do municipio, así como persoas doutras vilas e visitantes.

O deporte e a natureza fusiónanse en Santiso no circuíto permanente de trail

Alejandro Peón, concelleiro de deporte e xuventude e José Antonio Río, de medioambiente. / Foto: C. Santiso

A práctica deportiva está a pasar por un dos seus mellores momentos, cada vez son máis as persoas que se animan a introducir o exercicio físico na súa rutina diaria, ben sexa de xeito profesional ou afeccionado.

Un bo exemplo desta corrente a prol de facer deporte é a forte aposta que moitas administración locais están a facer neste eido. O Concello de Santiso é un deles, xa que vén de estrear o seu primeiro circuíto permanente de trail. Para aqueles que non coñezan esta disciplina deportiva, consiste en correr por entornos naturais como carreiros de montaña ou o propio monte.

Dende o goberno municipal comentan que este proxecto xurdiu grazas "á nosa paixón polo deporte, as ganas de aventura e unha forte devoción pola natureza", factores que se mesturaron e converteron unha antiga carballeira abandonada nun lugar idóneo para desfrutar do deporte nun entorno natural envexable.

Coma en todos os novos proxectos, os comezos non foron fáciles. Membros do equipo de goberno local afirman que "a finca estaba en moi mal estado, con moita maleza e ademais cunhas características orográficas que non permitiu o seu aproveitamento". Dadas as circunstancias nas que se atopaba a parcela os traballos levaron tempo e foron complexos. Non obstante, esta proposta da concellería de deportes e xuventude e da de medio ambiente, conseguise facer realidade grazas ás tarefas realizadas polo persoal de obras e membros da corporación municipal.

"Este circuíto tiña que ser un espazo no que se respectara o entorno natural e a súa estética", explican dende o Concello de Santiso. Por esta razón, o material empregado para marcar os camiños e incluso equipar este espazo como: papeleiras, sinalización ou pedras foron reutilizadas doutras iniciativas similares como é o sendeiro homologado existente na localidade.

A idea de utilizar esta parcela como un circuíto de trail xorde do aumento desta modalidade deportiva en Santiso, que conta co seu propio equipo, formado por veciñanza do concello e da comarca. "O lugar era perfecto para iniciarse no trail, xa que se puideron aproveitar os desniveis do terreo e non precisaba de grandes modificacións", comenta un membro da administración municipal. Ademais, este proxecto é totalmente aberto e irá medrando co paso do tempo, nutríndose de máis contidos. Actualmente, este circuíto conta con varios carreiros sinalizados e unha corda para gabear por ela.

En Santiso móstranse satisfeitos polo traballo realizado e pola boa acollida que está tendo o circuíto, "xa hai grupos como os da asociación de mulleres do rural do noso concello que nos chaman preguntando se poden vir facelo ou o equipo de fútbol que tamén xa vén adestrar aquí", afirman dende o goberno local. Para realizar esta actividade non hai que ter unha gran forma física pero, si é certo que é un circuíto curto e intenso.

Dende o Concello, a través da concelleira de xuventude e deporte, encabezada por Alejandro Peón, e a de medio ambiente con José Antonio Río á fronte, animan á veciñanza a achegarse ata o circuíto e probalo, así como tamén aos amantes do deporte doutros municipios que desexen coñecer a localidade a través do deporte e o contacto coa natureza. Ademais, o feito de estar tan preto da área recreativa, a cal conta con aparcamento para todo tipo de vehículos, incluído caravanas; un pequeno campo de fútbol; parque infantil; mesas para comer; un río para bañarse, conta con socorrista; e un bar; converte este espazo nun lugar idóneo para pasar un bo día en familia ou coas amizades.

Para rematar, por parte da administración local comunícannos que están traballando para ampliar o espazo da piscina municipal, que este ano está pechada por mor do reducido aforo co que conta, condicionado polas medidas fronte á pandemia.

Un tramo do circuíto permanente de trail. / Foto: C. Santiso

A serie ‘El camino interior’ grava un episodio na Igrexa de Santa María

Miguel Ángel Tobías e José Manuel Zapata xunto a igrexa de Santa María o día da gravación. /Foto: Cerne

O creador da famosa produción ‘Españoles en el mundo’ chega a Melide co seu novo proxecto audiovisual, ‘El Camino interior’.

Unha serie documental de dezaseis capítulos, de cincuenta minutos cada un, na que percorre o Camiño de Santiago dende León ata Fisterra acompañado en cada etapa por un convidado diferente.

Na etapa Melide - Arzúa, o acompañante foi o recoñecido tenor granadino José Manuel Zapata, tamén coñecido por ser membro do xurado do programa ‘Prodigios’ de Televisión Española.

O lugar de gravación, a Igrexa de Santa María, foi escolmada pola súa particular beleza e boa conservación de elementos singulares como as pinturas existentes na súa cúpula. A parte deste templo relixioso tamén sairán outros tramos do concello polos que pasa o Camiño de Santiago.

Esta é unha ventá máis que se abre para dar a coñecer a vila melidense e o seu entorno, nun medio tan seguido como é o audiovisual. Unha nova oportunidade para atraer a visitantes ao municipio, o que impulsaría e promovería o comercio da localidade.

Nesta produción os dous protagonistas, Tobías e Zapata, comparten sensacións e emocións que os levan a reflexionar e actuar dunha ou outra maneira. Ao longo de toda a andaina tamén tratarán temas como a innovación, a música, o humor e a vocación.

Para quen non o coñeza, Miguel Ángel Tobías é un director, presentador e guionista caracterizado por crear proxectos cun enfoque social e solidario.

O elenco total de invitados e invitadas: Bisila Bokoko (empresaria), Edurne Pasaban (alpinista), Quico Taronjí (presentador de ‘Aquí la tierra’), Enrique e Marian Rojas (psiquiatras), Pedro García Aguado (presentador e escritor), Albert Bosch (aventureiro), Alejandra Vallejo-Nágera (psicóloga), Cristian Sainz de Marles (ex esquiador paralímpico), Nacho Dean (aventureiro e escritor), David Meca (nadador de augas abertas), Alicia Sornosa (periodista), Javier Benavente Barrón (empresario), Mario Alonso Puig (médico), Miguel Blanco (periodista) e José Ramón García (empresario).Todas elas persoas de ámbitos profesionais diversos e dispostos a narran parte das súas experiencias nun entorno máxico como é o Camiño de Santiago.

Dende a produtora, ACCA Media, manifestan a necesidade de realizar contidos audiovisuais reflexivos despois dos meses de confinamento e o cambio de hábitos que a pandemia trouxo consigo. Un contido diferente ao que, a maioría de espectadoras e espectadores, non están afeitos a consumir.

C/RONDA DE CORUÑA, 16 . MELIDE (E - 15 - 0012058)
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU

A Escola Ayude logra en total oito medallas no campionato de España

Membros da Escola Ayude de Santiso acudiron coa selección galega ao campionato de España de kickboxing de tatami sport. Esta competición, celebrouse os días 1, 2, 3 e 4 xullo en Azuqueca de Henares, provincia de Guadalaxara, e acolleu todas as categorías existentes nesta disciplina.

Todas as seleccións autonómicas acudiron ao evento co obxectivo de subirse ao máis alto do podio. A selección galega foi a máis numerosa nesta ocasión e tivo competidores e competidoras en todas as probas do campionato. Como novidade, competiuse por primeira vez na modalidade de deporte inclusivo, levándose o ouro o pontevedrés Javier Pazos.

A Escola Ayude acudiu a esta importante cita con seis deportistas, que foron: Kevin Piei, Marco Neira, Iago Suarez, Nahum Ayude, Aron Ayude e Cora Ayude. Dende este centro deportivo, queren destacar o "debut dos infantís, a canteira da escola, os cales coa súa actuación demostraron unha forte ilusión pola competición". As ganas de competir e o esforzo viuse recompensado cos bos resultados acadados, Kevin Piei cunha prata; Marco Neira cunha medalla de bronce; e para rematar, Iago Suarez que subiu ata o máis alto do podio na modalidade de kick light.

Os seis competidores e o entrenador de Escola Ayude. /Foto: Escola Ayude

Ademais, os irmáns Nahum, Aron e Cora Ayude conseguiron un tripelete de ouro na disciplina de point fyghting. Aron Ayude tamén colleitou un bronce en kick light, unha medalla con moito mérito dada a "gran dificultade de subirse ao podio nestes niveis", afirman dende o centro deportivo de Santiso. Non obstante, a competición tivo unha gran protagonista e esa foi Cora Ayude que tamén conseguiu ouro en kick light, grazas a unha gran actuación en todos os enfrontamentos aos que tivo que facer fronte.

A parte negativa veu da man da lesión de Nahum Ayude, o que o deixou sen poder competir na modalidade de kick light. A pesares disto, os resultados obtidos de cinco ouros, unha prata e dous bronces deixa demostrada a gran calidade deportiva da Escola Ayude.

O Club Melide Fútbol Sala ascende á Liga autonómica

O equipo de fútbol sala no recibimento do Concello. /Foto: C. Melide

O Club de Fútbol Sala melidense na modalidade infantil consegue ascender de categoría.

Nunha tempada marcada polas restricións e medidas de seguridade por mor da pandemia, o equipo de catívos de fútbol sala da vila consegue ser o mellor da categoría de primeira división local de Santiago.

A calidade no xogo dos rapaces melidenses provocou que durante os meses nos que se desenvolveu a Liga non deixaran de colleitar bos resultados, o que os levou ao ascenso á primeira división da liga autonómica. É dicir, para a vindeira tempada xogarán contra equipos de toda Galicia.

Estes acontecementos demostran a gran calidade deportiva dos xogadores melidenses, o que mereceu a súa recepción na Casa do Concello por parte do alcalde, José Manuel Pérez, e o concelleiro de deportes, Jóse Prado a pasada semana. Dende o equipo de goberno do municipio trasladáronlles as súas felicitacións e fíxose fincapé no valor engadido que ten conseguir estes resultados nun ano tan complicado para a práctica dos deportes colectivos, dada a situación epidemiolóxica.

As sementes e as herdanzas

O costume e o "sempre foi así" converten en normais ou habituais cousas e comportamentos que se cadra habería que cuestionar. Porque o tempo vén demostrando que tamén o sentido común está suxeito a evolución, e aínda que leva tempo e se cadra varias xeracións, é así como se cambian e se forman os valores dunha sociedade.

Sen entrar tan a fondo como nos valores, hai cousas desas de "sempre foi así" que comezaron sendo unha tendencia e agora son materia de xuízos, leis e relacións humanas. Acórdame hoxe o tema das herdanzas, que non fai moito saíu nunha conversa a raíz dun testamento curioso para min, pero que polo visto non novidoso: o testador deixáballe o que tiña á súa parella, sempre e cando esta non refixese a súa vida con outra persoa. O que vén sendo un mandar de morto tanto coma de vivo, sen importarlle moito a felicidade da persoa á que se supón querer. Ideas.

Mais este texto quería poñer o acento na filosofía en si das herdanzas. Sen adentrarnos nada na mirada xurídica nin legal, parece claro que as herdanzas son o regalo natural -e obrigatorio- que os pais teñen que facer aos fillos, cedéndolles o esforzo todo do seu traballo, da súa vida. É obvio que todo o material vai quedar aquí no momento da morte, e que os fachucos de cartos non fan máis cómoda a viaxe na caixa de pino. Pero o terrible é que se dea por suposto que somos beneficiarios sempre dun esforzo alleo. Que se conte con recibir os resultados dos traballos dos pais e nais só polo feito de que nos pariron ou nos criaron. Incluso que se agarde a planificar unha vida propia en función do que imos herdar. Ou que se creen enormes disputas familiares -ás veces sen que se poidan salvar- polo reparto de algo no que nós nos investimos unha gota de suor.

Capítulo aparte merece a intervención do fisco nestas transicións, que daría non só para un capítulo senón para un libro enteiro. E aínda que Facenda somos todos, tamén somos todos -ou a maioría- os que damos por sentado que imos recibir sen ter sachado o que sementaron nosos pais. Porque sempre foi así.

A vida é isto que nos está pasando agora, e cadaquén debería ter claro que a súa colleita depende do que semente. Sempre poden virnos os xabarís destrozar o millo, como tamén unha vaca nos pode traer dous xatos. Pero a vida é iso, sementar e criar no propio, e non vivir pendentes de herdanzas e esforzos alleos.

Vanesa de Quinzán

DIEGO FERNÁNDEZ MATO, TALLERES FERMAT

"Actualmente pagamos un prezo moi alto polos coches debido a todas as comodidades que traen"

No Cerne anterior falabamos con Autoescola Agra, coa primeira parte indispensable para converternos en condutores. Agora, toca conversar co segundo chanzo, o mecánico, Diego Fernández Mato, de Talleres FERMAT. Este mecánico ten o seu local no Polígono da Madanela, poderiamos dicir que está no núcleo da cuestión. Con el resolveremos moitas dúbidas e cuestións sobre os nosos vehículos.

- Como te levou a vida a ser mecánico?

- Diego Fernández (D.F): Pois foi porque fixen, primeiro, o ciclo medio de mecánica en Curtis e, despois, o superior en Santiago. É dicir, decidín eu formarme neste oficio porque dende pequeno me gustaba e era ao que me quería dedicar.

- Canto tempo levas dedicándote a isto como autónomo?

- (D.F): Hai tres anos dende que decidín poñerme a traballar pola miña conta. Neste tempo houbo cousas boas e regulares como é lóxico nun negocio. Para que un taller funcione tes que botarlle moitas horas ao día de traballo e ter moita paciencia.

Diego Fernández Mato no seu taller mécanico chamado Fermat. / Foto: Cerne

- Por que decidiches que Melide era o sitio idóneo para desenvolver a túa actividade laboral?

- (D.F): Ao principio non tiña claro porque a miña primeira idea era montalo ao lado da casa, en Santiso, pero despois sopesei o que tiña que inverter nun sitio e no outro e ao final acabeime decantando porque a mellor opción era vir para aquí para o polígono empresarial de Melide. Ademais, alugar esta nave ofrecíame máis comodidades e posibilidades que montar eu algo en Santiso. Por exemplo, no polígono estás máis céntrico para todo e incluso as empresas que están aquí tamén son uns posibles clientes, cousa que se estivera noutro sitio ao mellor nin me coñecían. Estou satisfeito de abrir aquí, penso que para o desenvolvemento do meu traballo foi unha boa decisión.

- Que traballos realizas en talleres Fermat?

- (D.F): Fago reparacións de todo tipo de vehículos, os que máis de coches, tractores e camións.

- O teu foi un sector que notou os efectos da pandemia?

- (D.F): Si, algo si que se notou. É certo que non tanto como noutros ámbitos como, por exemplo, a hostalería ou o turismo, ou incluso dentro do sector as empresas de concesión porque a nós non nos dedicamos á venda pero algo si que tamén o notamos. Penso que un factor que nos beneficiou para que a pandemia non nos afectara tanto foi o feito de dedicarnos só á reparación porque, ao final, os coches que tes hai que amañalos igual. Entón, ao mellor prívaste de mercar un vehículo novo pero de amañar o que tes non porque che fai falta.

- Que é o máis complicado de ser mecánico?

- (D.F): Para min, persoalmente, o que máis me costa é estar pendente a moitas cousas. Tes que atender á xente, aos pedidos, ás reparacións e claro isto faise moito ao longo do día. Por iso, para min o máis difícil é estar pendente de todas as estas cousas. Ao mellor, estas reparando unha máquina e de súpeto tes que parar e ir organizar un pedido ou acudir a xunto outro cliente.

- Danos algún consello para alargar a vida útil dos nosos vehículos.

- (D.F): Unha das principais cousas é realizarlle os mantementos ao día, non demorar moito a visita ao taller, xa que se alargamos moito o tempo dende que empezamos a notar algo ou o coche necesita a súa revisión o que podía ser un pequeno cambio ou amaño ao final acaba sendo algo máis gordo e o prezo tamén muda moito. Ao mellor, un amaño que podía ser cousa de cen euros acaba sendo de cincocentos por esperar máis do debido.

- Cada tempo debemos facerlle unha revisión ao noso vehículo?

- (D.F): O recomendable é mínimo facela unha vez ao ano. Se fas máis quilómetros é lóxico que precisemos pasar máis veces polo taller pero por moi pouco que andes co coche unha vez cada doce meses debes acudir ao taller para facer unha revisión. Ademais, se vas saír de viaxe é conveniente uns días antes pasar polo xunto ao mecánico que teñas de man para que lle bote un ollo por se pode ter algo amañalo antes de saír. Esta vista hai bastante parte da miña clientela que si a fai e eu penso que é necesario por seguridade e tranquilidade.

- Unha parte fundamental do noso vehículo son as rodas, cada canto tempo deberiamos cambialas?

- (D.F): Iso depende moito da calidade da roda. Hai algunhas que son de bo material e aguanta bastante e outras que son máis malas pero tamén máis baratas que ao pouco tempo están destrozadas. Obviamente, tamén depende do que movamos o coche, canto máis andemos con el antes teremos que cambiarllas porque van estar máis gastadas. Facendo unha media, poderiamos dicir que cada tres anos debemos cambiar as rodas pero, como xa dixen, isto depende de moitos factores.

- Cres que agora somos máis remisos a mudar de coche?

- (D.F): Pois non che sabería dicir porque na estrada vexo moito coche novo tamén.O que penso é que, actualmente, pagamos moito polos vehículos cando imos mercar un novo. Eu imaxino que isto sucede, por unha parte por demanda e pola outra, por todas as comodidades que traen agora os coches novos porque vas comprar un e despois xa che fai el todo e o que tes que facer ti axúdache a facelo. En definitiva, eu creo que pagamos as comodidades e o gran equipamento dos coches.

Talleres Fermat
Polígono Industrial da Madanela, Parcela 23, 15800, Melide
Tlf: 626 43 02 75

A pesar de las recientes restricciones en el **INSTITUTO DE LA SORDERA**, le atendemos exactamente igual que hasta ahora,
CUMPLIENDO CON TODAS LAS MEDIDAS DE SEGURIDAD EXIGIDAS POR LAS AUTORIDADES SANITARIAS.

REVISIÓN GRATIS AUDITIVA

Campaña 2021

Instituto de la Sordera

Audífonos
inteligentes y practicamente
INVISIBLES

La más avanzada tecnología, NUESTRA ALIADA.

Los audífonos actuales se adaptan a las necesidades de cada persona, son cómodos, efectivos y discretos, prácticamente invisibles, solo usted sabrá que los usa.

LE PERMITIRÁN

- Seguir las conversaciones con normalidad, sin necesidad de que le repitan las palabras.
- Podrá volver hablar por teléfono sin dificultad y comunicarse mejor con las personas de su entorno.
- Disfrutar de sus películas y programas favoritos de la televisión.
- Los nuevos audífonos le permiten escuchar sin esfuerzo, se encontrará más animado.
- Aumentarán su seguridad cuando se desplace por la calle, con la familia, los amigos o al conducir.

Pruébalos un mes en casa SIN COMPROMISO.

Tecnología recargable, se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición

Revisión total!

Tráiganos sus audífonos se los revisamos y limpiamos GRATUITAMENTE y además le regalamos las pilas nuevas!

UN BLISTER DE 6 PILAS **GRATIS** PARA USTED.

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Reserve cita
648 75 47 61
981 50 72 87
Ronda da Coruña 34, Bajo. 15800 **MELIDE**

Garantía de Prestación Sanitaria. Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359